



NOTA INFORMATIVA

[ICA Santiago de Compostela, 13 de abril de 2018]

1. REUNIÓN DE MUTUALISTAS DO ICA DE SANTIAGO PREVIA Á ASEMBLEA XERAL DA MUTUALIDADE

O vindeiro 30 de abril, ás 20.00 h, terá lugar nas dependencias do Colexio a asemblea territorial previa á asemblea xeral da Mutualidad de la Abogacía Española.

Día: luns, 30 de abril

Hora: 20.00 h

Lugar: salón de actos do ICA de Santiago

2. PRÓXIMAS XORNADAS FORMATIVAS

1. Conferencia: “Xurisprudencia do Tribunal Supremo en materia procesual civil: competencia, capacidade para ser parte, acumulación de accións, pretensións principais e subsidiarias, audiencia previa, cosa xulgada e impugnación de sentenza”

Día: luns, 23 de abril

Horario: de 16.30 h a 18.30 h

Lugar: salón de actos do ICA de Santiago (retransmisión por internet desde o CGAE)

Asistencia: libre, sen inscrición previa (ata completar as prazas)

Relatora: D^a Raquel Blázquez Martín, maxistrada coordinadora do gabinete técnico (área civil) do Tribunal Supremo

2. Xornadas: “O novo regulamento de protección de datos” e “As últimas novidades en materia de cláusulas chan e reclamación de gastos”

O Colexio de Avogados está organizando para o mes de maio novas xornadas para abordar dúas das materias de maior interese na actualidade.

A primeira destas xornadas, que se repartirá en dúas sesións, estará centrada nas principais novidades que presenta o novo regulamento de protección de datos.

Na segunda, realizarase un estudo das últimas sentenzas do Tribunal Supremo en relación coas cláusulas chan e a reclamación de gastos hipotecarios, así como a análise dos criterios seguidos polos xulgados especializados nesta materia en Galicia.

En próximas circulares informarase das datas e do programa detallado.